



DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma (B) Inglés IV

Materia	Idioma (B) Inglés IV			
Código	V01G430V01217			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Profesorado	Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Correo-e	rosalia@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	<p>Esta materia ocúpase da lingua instrumental centrándose no desenvolvemento das destrezas de Reading e Writing e na aprendizaxe de vocabulario e gramática asociados a textos académicos. Prestaráselles atención á comprensión e á expresión escrita, ás estratexias de cohesión e coherencia textual, aos tipos de texto, aos aspectos retóricos e de organización así como ao uso do vocabulario e gramática a través de diferentes temas e textos.</p> <p>Para poder seguir as clases recoméndase posuír un nivel B1.2 de inglés (MCERL). O nivel, en competencias escritas e lectoras para superar esta materia ó final do cuadrimestre será B2 (MCERL).</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan acceder ao estudantado ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B4	Capacidade de comunicación oral e escrita en español, galego e en outras dous linguas do ámbito europeo.
B6	Capacidade de apreciar outras culturas e competencia para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
B9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
B10	Capacidade para desenvolver un proceso de comunicación sólido, responsable e ético.
C1	Capacidade para elaborar textos críticos, de erudición ou creativos en distintos formatos no ámbito literario empregando as ferramentas e conceptos dos estudos literarios.
C4	Coñecemento da periodización e sistematización dos movementos literarios e capacidade para distinguir e clasificar as obras dentro deses períodos e movementos.

C5	Comprensión e coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria e da teoría e crítica literaria para ter unha visión fundamentada e crítica da creación literaria.
C6	Saber crear, editar e expoñer textos orais ou escritos de distintos tipos e variedades que satisfagan as necesidades do público ao que están destinados e poder asesorar lingüisticamente na súa redacción a non especialistas.
C9	Coñecemento da historia, a variación e a situación sociolingüística da lingua galega/española que conleve a comprensión e o respecto polas diferenzas lingüísticas e culturais das distintas comunidades de falantes.
C10	Coñecemento da norma e o uso discursivo das linguas do grao e capacidade para aplicar de maneira crítica eses coñecementos na actividade profesional.
C11	Capacidade para avaliar e habilidade para empregar ferramentas e recursos dixitais e presenciais para a procura e xestión de información no ámbito das linguas ou as literaturas do grao.
C13	Capacidade para comunicarse nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia.
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Desenvolvemento das destrezas de comprensión e expresión escrita no primeiro idioma estranxeiro.	A2	B1	C1	D1
	A3	B2	C4	
	A4	B4	C6	
		B6		
		B9		
Comprensión dos conceptos básicos e avanzados de lectura e redacción de textos.	A1	B1	C4	
	A3	B2	C6	
	A5	B7	C9	
		B9		
		B10		
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse na lingua obxecto de estudo centrándose no desenvolvemento de varios rexistros/discursos: divulgativo, de opinión, académico, etc.	A3	B4	C1	D1
	A4	B6	C5	
	A5	B8	C6	
		B9	C9	
		B10		
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse de xeito escrito co vocabulario, secuenciación da información, cohesión argumental e estrutura lóxica en parágrafos.	A3	B7	C4	
	A4	B9	C9	
	A5	B10	C10	
			C11	
			C13	
Familiarización con hábitos de traballo en equipo	A2	B2	C9	D1
	A3	B6		
	A4	B8		
	A5	B9		
		B10		

Contidos

Tema	
A. Writing skills	<ol style="list-style-type: none"> 1. Write a response essay 2. Organize an essay 3. Hedge your claims: problem-solution essay 4. Paraphrase original sources: analysis essay 5. Summarize research for a research report 6. Write about causes and effects: cause-effect essay 7. Write counterarguments and refutations: argumentative essay 8. Write an opinion essay
B. Reading skills	<ol style="list-style-type: none"> 1. Distinguish main ideas, supporting ideas, and details 2. Annotate text 3. Make inferences 4. Find evidence 5. Understand pronoun references 6. Distinguish counterarguments and refutations 7. Recognize a writer's point of view 8. Skimming and scanning

C. Critical thinking	<ol style="list-style-type: none"> 1. Apply research findings 2. Rank factors 3. Understand hedging 4. Apply knowledge 5. Evaluate research claims 6. Be an active reader 7. Recognize bias 8. Synthesize information from different sources
D. Grammar for writing	<ol style="list-style-type: none"> 1. Past perfect and past perfect continuous 2. The passive voice 3. Past with used to and would 4. Reduced non-essential adjective clauses 5. Noun modifiers 6. Cause and effect connectors 7. Articles 8. Combining modals
E. Academic vocabulary	<ol style="list-style-type: none"> 1. Formal and informal language 2. Phrasal verbs with turn and wear 3. Prefixes pre-, re- 4. Base words and word roots 5. Suffixes -able, -ible 6. Prefixes il-,im-, ir-, in-, un- 7. Polysemy 8. Suffixes -ant/-ent, -ance/-ence

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	10	10	20
Resolución de problemas	10	30	40
Seminario	12	20	32
Traballo tutelado	12	30	42
Exame de preguntas obxectivas	2	2	4
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	3	5
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	3	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Orientación xeral sobre a materia, que se espera do alumnado e como conseguilo. Descubrir intereses e motivacións do alumnado.
Lección maxistral	Sesións teórico-prácticas sobre as distintas destrezas da materia.
Resolución de problemas	Análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos e as destrezas comunicativas de forma autónoma dentro e fóra da aula como tarefas de casa, especialmente a destreza comunicativa de Writing.
Seminario	Revisión conxunta, por parte do alumnado e profesorado, do desenvolvemento das actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Traballo tutelado	Revisión conxunta, por parte do alumnado e profesorado, do desenvolvemento das actividades sobre a destreza de Writing.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos nas probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso.
Actividades introdutorias	Os obxectivos das actividades introdutorias céntranse na orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios, as datas das entregas dos traballos e das datas da realización dos exames e asesoramento para a superación da materia.
Traballo tutelado	- O alumnado consulta as súas dúbidas sobre a materia, os exercicios e o proceso de aprendizaxe. - Consultas sobre o contido da materia e a aplicación dos conceptos teóricos. - Revisión de probas.

Avaliación

	Descrición		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Exame de preguntas obxectivas	Proba de comprensión lectora, acompañada por exercicios de gramática e vocabulario asociados.	30	A1 A5	B1 B4 B6 B7	C1 C11 C13	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba de expresión escrita: redacción dun dos tipos de textos expostos nos contidos do curso	30	A2 A4	B2 B6 B8 B9 B10	C6 C9 C11 C13	D1
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba de expresión escrita: redacción dun dos tipos de textos expostos nos contidos do curso	40	A2 A4	B2 B6 B8 B9 B10	C6 C9 C11 C13	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

1ª EDICIÓN DE ACTAS

Existen dous sistemas de avaliación (continua e única) para superar a materia nesta primeira oportunidade e participar nun deles implica a imposibilidade de participar no outro. E dicir, unha vez que o alumnado se presenta a unha proba de avaliación continua xa non pode optar á avaliación única.

Avaliación continua:

Na primeira edición de actas, o progreso do alumnado será avaliado principalmente en **dous exames** mediante os que se avaliará a expresión escrita (30% o primeiro e 40% o segundo = 70% en total), e **un exame** de comprensión lectora e uso da gramática e vocabulario (30%). Os tres exames parciais terán lugar a metade de cuadrimestre (primeiro exame parcial de escrita: 30%) e ao final do cuadrimestre (segundo exame parcial de escrita: 40% e exame de lectura, gramática e vocabulario: 30%) É responsabilidade do alumnado asistir ás clases, pois os exames serán anunciados na aula e celebraranse tamén na aula. O profesorado non terá a obriga de anunciar as datas dos exames parciais nin na plataforma MooVi nin por correo electrónico.

Para facer media, a nota de cada compoñente (*Writing vs. Reading/Grammar/Vocabulary*) debe de ser igual ou superior a unha cualificación de **5 (sobre 10)**. Para superar a materia, é imprescindible acadar unha puntuación media global de **5 puntos (sobre 10)**. As probas non realizadas contarán coma un cero.

No caso de obter un suspenso na nota global na primeira edición de actas, se o alumnado aproba soamente unha das compoñentes (*Writing vs. Reading/Grammar/Vocabulary*), gardaráselle a nota desa compoñente, polo que só terá que recuperar a parte suspensa na segunda edición de actas (xuño/xullo).

Se un/ha alumno/a, por causas de forza maior **debidamente xustificadas**, non puidese realizar algunha proba, deberá falar co equipo docente con anterioridade á data de realización da proba. Os exames parciais e as probas prácticas considéranse **oficiais**, e polo tanto, un cambio de data debe de estar sempre suficientemente xustificado (accidente, operación cirúrxica ou falecemento de familiar en primeiro grado na data exacta do exame).

O alumnado Erasmus+ entrante ou saínte terá que realizar as probas nas mesmas datas ca o resto do alumnado.

Avaliación única

Para o alumnado que escolla dende o comezo do curso o sistema de avaliación única, a nota deste exame constituirá o 100% da cualificación final. A proba terá dous compoñentes (70% *Writing* e 30% *Reading/Grammar/Vocabulary*). Para superar a materia, o alumnado debe acadar unha puntuación mínima de **5 puntos (sobre 10) para cada compoñente**.

A data deste exame será a establecida pola Xunta da FFT para o período de exames correspondente.

O alumnado Erasmus+ entrante e saínte terá que realizar o exame de avaliación única na data oficial, sen que sexa posible fixar unha data alternativa para o mesmo.

2ª EDICIÓN DE ACTAS

O alumnado que non se presente ou suspenda ao final do cuadrimestre (primeira edición de actas) poderá presentarse aos exames de xuño/xullo nas datas que marque o calendario oficial do centro.

Para as/os estudantes que non se presentaran antes, a proba terá dous compoñentes (70% *Writing* e 30% *Reading/Grammar/Vocabulary*). Para superar a materia, o alumnado debe acadar unha puntuación mínima de **5 puntos (sobre 10) para cada compoñente**.

Aqueles/as alumnos/as que se presentaran na primeira edición de actas pero foran cualificados/as con *Suspenso* poderán facer unicamente o compoñente no que non acadaran un 5, conservándose a nota do compoñente aprobado (nesta convocatoria soamente).

O alumnado Erasmus+ entrante e saínte terá que realizar o exame da segunda oportunidade na data oficial, sen que sexa posible fixar unha data alternativa para o mesmo.

OUTROS COMENTARIOS

Non se contempla o exame único do mes de decembro/xaneiro como exame de recuperación para aprobar a(s) parte(s) da(s) destreza(s) suspensa(s) na avaliación continua.

De non superalas na segunda edición de actas, o/a alumno/a deberá examinarse da totalidade da materia en cursos académicos posteriores. Polo tanto, as partes superadas carecerán de validez para datas e cursos posteriores.

Durante a realización dos exames e probas prácticas non se permite a utilización de dicionarios, ordenadores ou calquera outro aparello electrónico, con ou sen conexión a internet.

A copia ou plaxio parcial ou total en calquera tipo de actividade suporá un cero nesa parte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Os mesmos criterios, aquí descritos, tamén se aplicarán ao alumnado alleo.

Para poder seguir a docencia, recoméndase que o alumnado posúa un nivel B1.2 (Marco Europeo de Referencia) de inglés.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Williams, Jessica, **Reflect 5. Reading & Writing.**, National Geographic Learning, 2022

Bibliografía Complementaria

Baker, Lida, Kristin Donnalley Sherman & Robyne Brinks Lockwood, **Grammar for Great Writing C.**, National Geographic Learning, 2018

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase a compra do libro de texto principal para o seguimento do curso.

Recoméndase o estudo diario da materia, a lectura das explicacións dadas na clase, os exercicios prácticos e a autocorrección.

Para poder seguir as clases recoméndase ter un nivel de inglés B1.2.

Os estudantes Erasmus deben ter o nivel B1.2 (MCER) para poder cursar esta materia.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade dos contidos, senón tamén a súa corrección lingüística.

A copia total ou parcial ou o plaxio en calquera tipo de traballo ou exame dará lugar a un cero na dita proba. Alegar o descoñecemento do que constitúe plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade ao respecto.

Non se permite o uso de dicionarios, ordenadores, conexión a internet ou calquera outro medio electrónico durante os exames.

Recoméndase encarecidamente a asistencia regular ás clases. As probas parciais convocaranse e realizaranse en horario de clase; o equipo docente non ten a obriga de anunciar as probas nin por MooVi nin por correo electrónico.
